

POR UNHA INTELIXENCIA ARTIFICIAL XENERATIVA SOSTÍBEL



Desde hai anos formúlase a necesidade de realizar políticas acordes cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel que aborden, entre outros fins, o respecto aos dereitos humanos, entre os que se atopan os dereitos de autor.

Con todo, a aparición dos servizos dixitais ocultou esa necesidade, impulsando **un auténtico espolio das nosas obras** pola vía dos feitos consumados, dándolle acubillo legal ou utilizando os nosos dereitos como moeda de cambio diante doutros intereses económicos, o que intensificou o empobrecemento do traballo de escritores/as, tradutores/as e a deterioración do patrimonio cognitivo e cultural común..

Ese espolio ou expropiación forzosa dos nosos dereitos estase acelerando co desenvolvemento da intelixencia artificial xenerativa (IAX). Os desenvolvedores de IAX fixeron e fan o seu traballo baixo o principio de “todo vale”, o que non resulta sostíbel. **Construír un software utilizando as nosas obras como materia prima e, despois, impornos un modelo de negocio para desfrutar desa nova infraestrutura, é inxusto e abusivo.**

Ante a falta de respecto ao traballo de **escritores/as e tradutores/as solicitamos que:**

- Se protexan cunha decidida, transparente e transversal acción pública os bens **esenciais para a vinculación da sociedade, entre os que se atopan as nosas obras e os valores sociais implícitos nas mesmas.**
- Se establezan como único camiño para o desenvolvemento de software de IAX **as obrigas de solicitar autorización, remunerar e dar información suficiente e detallada aos/ás creadores/as**, de igual xeito que se establecen principios irrenunciábeis no desenvolvemento doutros produtos que afectan á cidadanía. **Sen dereitos claramente establecidos e respectados, estes desaparecen.**
- Non se acepte a promoción dun novo contrato social que “branquee” o uso non autorizado das nosas obras no desenvolvemento de software de IAX pola vía dos feitos. Para iso é indispensable que **as Administracións Públicas non implanten nin usen software de IAX que non fosen desenvolto cun respecto pleno, non só aos nosos dereitos, senón tamén aos dereitos de privacidade da cidadanía e o respecto ao medio ambiente.**